

**FICHA RESUMO****PE 403A 2009/2-5**

Ano	2010
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE BUEU
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE PERCEBE
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO-RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	DENDE EMBARCACIÓN

Especies	Percebe (<i>Pollicipes pollicipes</i>)
Ambito do plan	De punta Lapamán a punta Morcegos, Illas Ons e Onza.
Subzonas de explotación	<p>Área 1 (Xubenco): de punta Centolo á enseada de Bastián do Val</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Area1-N (Xubenco-Norte): do illote do Centolo á Cuberta do barco ● Area 1-S (Xubenco-Sur): de Cubierta do barco ata O Altar <p>Área 2 (Fedorentos): do centro da praia de Fedorentos ata Punta Freitoxa.</p> <p>Área 3 (Onza): todo o litoral da Illa de Onza.</p> <p>Área 4 (Liñeiros): dende a metade da enseada de Bastián do Val ata a punta Freitoxa</p> <p>Área 4-N (Liñeiros-Norte): do Altar ao Rego Lapeiras</p> <p>Área 4-C (Liñeiros-Centro): do Rego Lapeiras á praia de Liñeiros</p> <p>Área 4-S (Liñeiros-Sur): da praia de Liñeiros á Fonte de Caniveliñas</p> <p>Área 5 (Este de Ons): do centro da praia de Fedorentos ata o Illote do Centolo (cara leste das Illas Ons)</p> <p>Área 6 (Udra): dende punta Lapamán ata punta Morcegos</p> <p>Area 6-N (Udra-Norte): de punta Lapamán a praia Acoradoiro.</p> <p>Área 6-S: (Udra-Sur):de praia de Acoradoiro a Punta Morcegos.</p>

Participantes no plan de explotación

Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
-	22	72
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación

Días máximos de extracción	150 4 días de extracción adicados ao proxecto "Xestión específica da pesqueira do percebe"										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ : De xaneiro a decembro.											
Modalidade⁽³⁾ : DENDE EMBARCACIÓN											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
1	3	4	1	2	2	4	3	2	1	3	4
5-6	5-6	5-6	5-6	5-6	5-6	5-6	5-6	5-6	5-6	5-6	5-6

Nas zonas secundarias 5 e 6, traballaranse polo menos un 20% dos días máximos autorizados.

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Topes de captura

Especies	Habilitación enrolado e a bordo/día
Percebe	4 kg
Percebe alongado	10 kg

Artes a empregar

Rasqueta, segundo o Decreto 424/1993

Puntos de control	<p>ÁREA 1-Xubeco:</p> <ul style="list-style-type: none"> Área 1-N :Cova da vella e arredor do Centolo Área 1-S : Ensenada Bastián de Val <p>ÁREA 2-Fedorentos: enseada de Fedorentos, Enseada Cova do Inferno, Punta Freitoxa, Enseada de Caniveliñas.</p> <p>ÁREA 3: praia Sur de Onza (con vento norte), praia Norte de Onza (con vento sur), zona oeste de Onza (con vento este) e zona este de Onza (con vento oeste)</p> <p>ÁREA 4-Liñeiros</p> <ul style="list-style-type: none"> Área 4-N, Liñeiros Norte: abrigo do Estripeiral (por mar), saída do intermareal ou no cruce dos camiños (por terra con de mal tempo). Área 4-C, Liñeiros Centro: abrigo do Estripeiral (por mar con vento sur), abrigo de Liñeiros (por mar con vento norte), saída do intermareal ou cruce dos camiños (por terra con mal tempo). Área 4-S, Liñeiros Sur: Ensenada de Caniveliñas (por mar), saída do intermareal ou cruce dos camiños (por terra con mal tempo) <p>ÁREA 5, Este de Ons:peirao de Ons</p> <p>ÁREA 6, Udra:</p> <ul style="list-style-type: none"> Área 6-N: praia Ancoradoiro (por mar), aparcadoiro praia Ancoradoiro (por terra) Área 6-S: praia de Lagos (por mar), aparcadoiro praia Lagos (por terra)
Puntos de venda	Lonxa de Bueu

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epcas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Illas Ons e Onza												
Especies:Percebe												

(**) Modificado por Resolución do 10 de agosto de 2010 da D. X. De Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños 2



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Subdivisión da zona de traballo: As áreas e subáreas denominaránse con números arábigos e non romanos para evitar confusións coas denominacións de zonas de control de biotoxinas á hora de valorar as autorizacións de apertura.

Obxectivos de produción: da análise técnica do plan:

1. Continúa a tendencia á diminución na asistencia a pesqueiría tanto en número de barcos como de percebeiros.
2. As medicións dos individuos tomadas en lonxa amosan que no mes de setembro hai una tendencia á diminución das tallas para todas as zonas
3. As áreas 5 e 6 están subexplotadas, polo que se mantén a recomendación de intensificar a extracción nestas zonas para deixar descansar o resto

Á vista da evolución da campaña durante os anos 2008 e 2009, recoméndase non superar o límite extractivo de **17.000 kg-18.000 kg, controlando o número de días e topes.**

(*) Calendario de extracción:** As entidades solicitan un total de 204 días e 4 días máis destinados á extracción específica ao abeiro do proxecto “Xestión específica da pesqueira do percebe”. Tendo en conta a evolución das campañas para o ano 2008 e 2009 e co obxecto de axustar o calendario aos días de actividade efectivo, o número de días solicitados redúcese a **150 días, desenvolvéndose durante catro días á semana.**

As áreas principais (1,2,3 e 4) explotaranse de xeito rotatorio ao longo do ano, mentres que as áreas secundaria (5 e 6) estarán sempre abertas para facilitar a súa explotación. Nas aperturas mensuais do plan autorizarase unha das áreas principais e as dúas secundarias. Para intensificar a extracción nas áreas secundarias traballarase nelas alomenos un **20% dos días do ano.**

O colectivo traballará diariamente só nunha zona e o cambio da área principal á secundaria, por motivos climatolóxicos, só poderá realizarse previa comunicación vía fax ao departamento territorial. O cambio estará sempre condicionado a que o INTECMAR emita informe favorable para as dúas zonas.

Para o proxecto anteriormente citado poderán adicarse un máximo de 4 días, destinados unicamente a unha extracción supeditada a un pedido previo. Os días adicados a este proxecto deberán indicarse na solicitude de apertura mensual, na que se especificará o día, os topes, e as zonas de traballo que son distintas a aquelas outras nas que se desenvolve a extracción “normal”.

Cotas máximas de captura: Queda establecido en 4 kg/ habilitación debidamente enrolado e a bordo/día. Agora ben, acéptase a proposta de que durante 8 días do ano o tope se **incremente a 5 kg/habilitación** enrolado e a bordo/día sempre que o **prezo de venda** en lonxa na subasta anterior **supere os 50€/kg.**



Para o caso do percebe alongado, a cota máxima será de 10 kg/habilitación enrolado e a bordo/día

Cómpre lembrar que os topes de captura deben ser extraídos polos tripulantes que están enrolados, a bordo das embarcacións e que accedan as rochas. A práctica de que unha persoa recolla o cupo de outras que só aparecen na zona de extracción ao final da xornada de traballo para realizar a selección, favorece uns descartes moi elevados nas rochas e socava calquera mellora de organización do colectivo.

Os descartes procedentes dos días de actividade extractiva non poderán ser comercializados en lonxa ou centro de venda autorizado, nin destinados a consumo propio. Por outra banda, os descartes dos rareos, limpezas ou calquera outra acción de mellora do banco non poderán ser comercializados para consumo directo ou transformación, co fin de evitar un incremento da explotación e evitar situacións de sobrepesca.

Horario de traballo: acéptase o horario solicitado de 1 hora e 45 minutos antes da baixamar diúrna a 1 hora despois da baixamar considerando que é mais restritivo que o establecido no artigo 13º da orde de 6 de marzo de 2000 pola que se regula a explotación do percebe (*Pollicipes pollicipes*) como recurso específico no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Normas do plan: No plan recóllese en diversos apartados sancións que consisten na suspensión temporal dos dereitos de socio e a prohibición de mariscar. Respecto a isto, advertir que calquera privación do dereito de exercer a actividade marisqueira por parte dunha confraría a través dun procedemento sancionador non pode ser exercida por parte da confraría ou da agrupación.

A persoa afectada, ante unha sanción do tipo contemplado no plan, poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe o réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Recomendacións para a mellora do plan:

- Deberán achegar documentación que acredite que o plan foi aprobado pola agrupación de percebeiros
- Revisar xunto coa axente de extensión as normas do plan referidas á falta de asistencia ás limpezas e rareos, así como a participación nos días de extracción adicados ao proxecto "*Xestión específica da pesqueira do percebe*".

Informe do Parque Nacional Illas Atlánticas (26 de novembro de 2009)

A administración do Parque Nacional informa favorablemente a aprobación do mesmo, coas seguintes condicións relativas ao ámbito territorial do Parque:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

- non debe aumentarse o esforzo pesqueiro con respecto ó de 2009: nin número de embarcacións, nin número de habilitacións a percebeiros, nin número de días ao nao, nin aumento de cotas.
 - Proponse a utilización de coitelo en lugar de rasqueta co fin de respectar o crecemento doutras especies nas zonas de extracción e mellorar tamén a selección por tamaño do percebe.
 - Considérase necesario un punto de control para as extraccións na zona do parque
- Respecto á extracción específica de percebe alongado: infórmase desfavorablemente esta acción no ámbito do PN. Soamente podería levarse a cabo se este non supuxese un aumento do esforzo e a cantidade de percebe alongado extraída, formase parte da cota de extracción diaria.